

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a María Luisa Fernández Santín
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día un de setembro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a María Luisa Fernández Santín, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE AGOSTO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 25 de agosto de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 25 de agosto de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se deu conta de ningún/ningunha.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 21 de agosto ao 26 de agosto 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 629/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 635/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
629/2026	21-08-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de agosto de 2026
630/2026	21-08-2026	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 82.042,34 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos gastos e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento
631/2026	24-08-2026	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 27 de agosto de 2026
632/2026	25-08-2025	Dar de baixa os recibos que se incluíron nos padróns da auga correspondentes ao 2º, 3º e 4º trimestre de 2023 e 1º e 2º trimestre de 2024, por incurrir nun erro na identificación do obrigado tributario. Aprobar as liquidacións ao propietario do inmovible afectado, como substituto do contribuínte
633/2026	25-08-2025	Aprobar as facturas por un importe total de 74.367,66 euros. Autorizar e dispor, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos gastos e aprobar a ordenación e realización do pagamento das facturas
634/2026	25-08-2025	Avocación de competencias da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo dona Maria Patricia Esther Espiñeira Galán ata a súa reincorporación
635/2026	26-08-2025	Aprobar a nómina do mes de agosto de 2026 cun importe de retribucións brutas 296.050,39 euros

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta relativa á designación de secretario suplente da mesa de contratación do “Servicio de organización de campamentos de verano para niños y jóvenes promovidos por el departamento de juventud del Ayuntamiento de Cambre en 2026 y 2027 con opción de prórroga en 2028”. Expediente número 2026/C004/000002.
- Proposta relativa á designación de membro da mesa de contratación do “Servicio de programas de actividades físicas y actividades socioculturales promovidas por el Ayuntamiento de Cambre”, con una duración de dos años (prorrogable por otros dos años)”. Expediente número 2026/C004/000003.

- Proposta relativa á designación como membro da unidade técnica do “Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque”, para os anos 2026 e 2027, con posible prórroga en 2028.” Expediente número 2026/C004/000011.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que respecto das propostas relativas á designación de secretario suplente da mesa de contratación do “Servicio de organización de campamentos de verano para niños y jóvenes promovidos por el departamento de juventud del Ayuntamiento de Cambre en 2026 y 2027; á designación de membro da mesa de contratación do “Servicio de programas de actividades físicas y actividades socioculturales promovidas por el Ayuntamiento de Cambre e á designación como membro da unidade técnica do “Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque”, debido aos cambios hai que facer axustes nas mesas de contratación. O Sr. Vázquez Pérez manifesta que a urxencia é debida á necesidade de acelerar a tramitación dos procedementos de contratación.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

- 4.1. PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE SECRETARIO SUPLENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN DO “SERVICIO DE ORGANIZACIÓN DE CAMPAMENTOS DE VERANO PARA NIÑOS Y JÓVENES PROMOVIDOS POR EL DEPARTAMENTO DE JUVENTUD DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE EN 2026 Y 2027 CON OPCIÓN DE PRÓRROGA EN 2028”. EXPEDIENTE NÚMERO 2026/C004/000002.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de agosto de 2026 (CVD: 6J12lCm/Ps8FFcik3fKg), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.

Visto o procedemento tramitado para a contratación do “Servicio de organización de campamentos de verano para niños y jóvenes promovidos por el departamento de juventud del Ayuntamiento de Cambre en 2026 y 2027 con opción de prórroga en 2028”. (Exp número 2026/C004/000002).

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día trinta de xuño de dous mil vinte e seis, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TEDeC ao núm. 2026/C004/000002 relativo á contratación do “Servicio de organización de campamentos de verano para niños y jóvenes promovidos por el departamento de juventud del Ayuntamiento de Cambre en 2026 y 2027 con opción de prórroga en 2028”, por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (xuízo de valor e de apreciación automática).

Visto que no dito acordo, e de conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, acordouse que a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

Presidente: O concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, don Rubén Vázquez Pérez

Vogais:

- A secretaria xeral da Corporación, dona Pilar María Pastor Novo e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa
- A interventora municipal, dona Lucía Mata Rodríguez e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa
- A técnica de administración xeral adscrita á Área de Secretaría, dona Verónica Otero López
- O arquitecto técnico municipal, don Marcos Fernández Vieito.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita a Secretaría, M^a del Juncal Capín Fonseca

Vista a resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Fecenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico número 585/2026 de data 3 de agosto de 2026 de nomeamento de dona Verónica María Otero López como Técnica de Administración Xeral interina encarada na escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, pertencente ao subgrupo de clasificación personal "A1", para ocupar o posto vacante por jubilación do titular, da xefatura da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

Visto que de conformidade co disposoto no artigo 326.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os funcionarios interinos non poden formar parte da mesa de contratación.

Visto que a secretaria titular da mesa de contratación, dona María del Juncal Capín Fonseca está ausente por disfrute do periodo vacacional.

Visto o que antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primero.- Deixar sen efecto a designación como membro da Mesa de Contratación, na calidade de vogal, da dona Verónica María Otero López, e nombrar como vogal da mesa á Tesourera municipal, dona Isabel Barbeito Montero.

Segundo.- Designar como secretario suplente da mesa de contratación a don Roberto Antonio Naveira Filgueiras, auxiliar administrativo adcrita a Secretaría.

Terceiro.- Notificar aos interesados e publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público donde atópase aloxado o Perfil do Contratante do Concello de Cambre”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de agosto de 2026 (CVD: 6J12lCm/Ps8FFcik3fKg), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

- 4.2 PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE MEMBRO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO “SERVICIO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES FÍSICAS Y ACTIVIDADES SOCIOCULTURALES PROMOVIDAS POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE”, CON UNA DURACIÓN DE DOS AÑOS (PRORROGABLE POR OTROS DOS AÑOS)”. EXPEDIENTE NÚMERO 2026/C004/000003.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de agosto de 2026 (CVD: g5ZhKiAZpOynd5Sd8N3J), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.

Visto o procedemento tramitado para a contratación do “Servicio de programas de actividades físicas y actividades socioculturales promovidas por el Ayuntamiento de Cambre”, con una duración de dos años (prorrogable por otros dos años)”. (Exp número 2026/C004/000003).

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día trinta de xuño de dous mil vinte e seis, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TDeC ao núm. 2026/C004/000003 relativo á contratación do “Servicio de programas de actividades físicas y actividades socioculturales promovidas por el Ayuntamiento de Cambre”, cunha duración de dous anos (prorrogable por outros dous anos)”, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación (xuízos de valor e apreciación automática).

Visto que no dito acordo, e de conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, acordouse que a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

Presidente: O concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, don Rubén Vázquez Pérez

Vogais:

- A secretaria xeral da Corporación, dona Pilar María Pastor Novo e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa
- A interventora municipal, dona Lucía Mata Rodríguez e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

- A técnica de administración xeral adscrita á Área de Secretaría, dona Verónica Otero López
- O arquitecto técnico municipal, don Marcos Fernández Vieito.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita a Secretaría, M^a del Juncal Capín Fonseca

Vista a resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Fecenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico número 585/2026 de data 3 de agosto de 2026 de nomeamento de dona Verónica María Otero López como Técnica de Administración Xeral interina encarada na escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, pertencente ao subgrupo de clasificación personal "A1", para ocupar o posto vacante por jubilación do titular, da xefatura da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 326.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os funcionarios interinos non poden formar parte da mesa de contratación.

Visto que a secretaria titular da mesa de contratación, dona María del Juncal Capín Fonseca está ausente por disfrute do período vacacional.

Visto o que antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primero.- Deixar sen efecto a designación como membro da Mesa de Contratación, na calidade de vogal, da dona Verónica María Otero López, e nombrar como vogal da mesa á Tesoureira municipal, dona Isabel Barbeito Montero.

Segundo.- Designar como secretario suplente da mesa de contratación a don Roberto Antonio Naveira Filgueiras, auxiliar administrativo adscrito a Secretaría.

Terceiro.- Notificar aos interesados e publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público donde atópase aloxado o Perfil do Contratante do Concello de Cambre".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de agosto de 2026 (CVD: g5ZhKiAZpOynd5Sd8N3J), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

- 4.3 PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN COMO MEMBRO DA UNIDADE TÉCNICA DO "SERVIZO DE MANTEMENTO E SOCORRISMO DA PISCINA MUNICIPAL CASTROS DO BOSQUE", PARA OS ANOS 2026 E 2027, CON POSIBLE PRÓRROGA EN 2028." EXPEDIENTE NÚMERO 2026/C004/000011.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de agosto de 2026 (CVD: 37sa9/xibkCSIC/h8pBU), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.

Visto o procedemento tramitado para a contratación do “Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque”, para os anos 2026 e 2027, con posible prórroga en 2028.” (Exp número 2026/C004/000011).

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día trinta de xuño de dous mil vinte e seis, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TDeC ao núm. 2026/C004/000011 relativo á contratación do “Servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal Castros do Bosque”, para os anos 2026 e 2027, con posible prórroga en 2028”, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, do artigo 159.6 (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática).

Visto que no dito acordo, e tendo en conta que de conformidade co establecido no art. 326.1 in fine da LCSP no presente procedemento NON se constituirá a Mesa de Contratación, acordouse que o órgano de contratación estará auxiliado por unha unidade técnica formada pola técnica de administración xeral adscrita á Secretaría, dona Verónica Otero López, e polo xefe de planeamento e xestión da Área de urbanismo, don José Agustín Barca Cotelo, quen procederá á apertura dos sobres presentados polos licitadores, e á valoración das ofertas presentadas (art.159.6.d) LCSP).

Vista a resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico número 585/2026 de data 3 de agosto de 2026 de nomeamento de dona Verónica María Otero López como Técnica de Administración Xeral interina encarada na escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, pertencente ao subgrupo de clasificación personal “A1”, para ocupar o posto vacante por jubilación do titular, da xefatura da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

Visto o que antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primero.- Deixar sen efecto a designación como membro da unidade técnica da dona Verónica María Otero López, e nombrar como membro da unidade técnica ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, don Óscar Souto Muiño.

Segundo.- Notificar as interesado e publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público donde atópase aloxado o Perfil do Contratante do Concello de Cambre.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de agosto de 2026 (CVD: 37sa9/xibkCSIC/h8pBU), resultando aprobada por

unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que lle escribiu a rapaza do tema dos gatos de Pravio, quen recibíu unha carta da valedora do pobo, e pregunta se houbo algún avance ao respecto.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que hai un ultimo informe da policía e ese informe non o teñen en Servizos Sociais; que non sabe que se fixo con ese informe.

A continuación a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Fernández Santín quen, unha vez concedido, manifesta que falou coa policía para preguntar a onde foi ese informe; di que está pendente de que lle dean este dato.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra o Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, roga se se pode revisar un recheo que se está a facer no lugar da Pena da Nosa Señora, que leva anos realizándose.

A seguir, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, manifesta que esta fin de semana son as festas do Temple; que o terreo onde se fai é privado, pero pregunta se non se pode rozar o tramo que dá á beirarrúa.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que os organizadores da festa lle comunicaron que non van a poñer que colabora o Concello de Cambre, isto malia que o Concello porá policía e taboleiros, di fará a a publicidade na páxina do concello, entre outros.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e trinta e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo